SUPLEMENTO ESPECIAL

Accesos aos treitos .Mapas .Horarios .E moito máis contido





pixeralia
group
Imprenta
Imp. Textil
Web y App
Packaging
Gran Formato
Merchandising
Rotulos
Rotulacion
Decoracion
Displays
Vigo - Salvaterra
www.pixeralia.com




EST. 2016
ENGRANAXE
Music Bar

Concello de Salvaterra de Miño · Concello de Mondariz · Concello de A Cañiza · Concello de Covelo · Concello de Salceda de Caselas · Concello de Ponteareas · Concello de Arbo · Concello As Neves · Xunta de Galicia Presidencia Secretaría Xeral para o Deporte · Deporte Galego · Federación Galega de Automobilismo · Deputación Pontevedra

Campionato Galego de Rallies 2018 · 6-7-8 Xullo 2018 · coeficiente 8 · Memorial Ismael Gregorio · XV Rallye Sur do Condado · Gran Premio Concello de Salvaterra de Miño · Escudería Surco · Ford Talleres Hnos. Lorenzo · Leirado - Salvaterra de Miño



Antonio Villar e José Ramón Seoane en 2004, Manuel Senra e Faustino Suárez en 2005, José M. Martínez e Manuel Campos en 2006 e 2010, Pedro Burgo e Marcos Burgo en 2007, 2008 e 2012, Alberto Meira e Álvaro Bañobre en 2009 e 2011, Iván Ares e Álvaro Bañobre en 2013 e 2014, Alberto Meira e David Vázquez en 2015 e 2016 e Alberto Meira e José Murado en 2017. Todos eles deixaron a súa pegada nas terras do Condado como excelentes pilotos e copilotos ao gañar algunha das 14 edicións anteriores do rally da comarca.

Un rally que neste ano 2018 cumpre quince anos facendo as delicias dos múltiples afeccionados galegos ao automobilismo. Nesta edición, o Rallye Sur do Condado constará dun percorrido duns 420 quilómetros dos cales 113,5 corresponderán a 11 treitos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas o tráfico e estará dividido nunha etapa e catro seccións. Cifras que deixarán, como o fixeron os pilotos e copilotos, a súa pegada na historia do rally. Son moitos os elementos, pois, que ao longo destes 14 anos foron deixando a súa pegada na terra das pistas de Salvaterra do Miño. Unha terra na que quedou marcado o paso dos anos, dos éxitos, dos pneumáticos gastados pola erosión do asfalto e do rego da gasolina que filtran os coches de carreiras, deixando un suco indeleble na memoria dos galegos e galegas. Precisamente a Escudería Surco é a principal responsable de que o Rallye Sur do Condado sexa un referente no panorama autonómico e nacional. Eles son os encargados de que a quinta proba do calendario de rallies de asfalto da Federación Galega de Automobilismo conte con todo o necesario para garantir o espectáculo, reducir os riscos e facer dos días 6, 7 e 8 de xullo unha gran festa do automobilismo de Galicia.

Esta décimo quinta edición terá ademais un sabor especial en forma de lembranza. Un recordo moi especial para quen foi un dos mellores afeccionados da Escudería Surco na que compite o seu fillo, o copiloto Pablo Gregorio. Ismael Gregorio deixounos repentinamente mentres facía o que máis lle gustaba, asistir a un rally e animar ao seu fillo. Hoxe, de seguro que o seu espírito empuxará aos pilotos galegos cara a vitoria.

**Marta Míguez Telle**
Secretaria Xeral para o Deporte

Xunta de Galicia
Presidencia
Secretaría Xeral para o Deporte



# Un clásico de los rallies de Galicia

Los aficionados al motor en O Condado y la provincia se cuentan por decenas de miles. El Rally Sur es el mejor ejemplo de esta pasión, con grandes pilotos en la competición y un público entregado en cada edición. Esta prueba es uno de los clásicos del calendario gallego, y así es reconocido por todas y todos los amantes de este deporte.

La participación en el Rally Sur de O Condado no deja lugar a dudas de la calidad y prestigio de esta prueba. Hasta 150 pilotos hacen vibrar al público cada año en una cita con la que se vuelca la afición, que anima sin parar a lo largo del recorrido. La organización ofrece las garantías de seguridad necesarias pero aprovecho la ocasión para pedir a los aficionados máxima precaución para disfrutar del espectáculo sin riesgos.

La provincia de Pontevedra es una potencia en el sector de la automoción, y somos también número uno en la pasión por los coches. Tenemos las mejores fábricas y empresas auxiliares, excelentes salones con los últimos modelos y los clásicos de época, grandes competiciones como el Rallye Sur de O Condado, y una afición de lujo que desde toda Galicia y de Portugal acude masivamente a esta prueba desde que arrancó en 2004. Y así volverá a ocurrir en esta decimocuarta edición.

Así que el próximo 6, 7 y 8 de julio, todos al Rally Sur de O Condado. Suerte a los pilotos y que el público disfrute de esta espectacular competición.

**Carmela Silva Rego**
Presidenta da Deputación de Pontevedra

Deputación Pontevedra













No Condado, sempre con ilusión.





É un pracer e un orgullo ser os anfitrións durante trece anos consecutivos desta gran proba automobilística, O Rally Sur do Condado. Durante este tempo todos os que vos acompañamos neste camiño vimos como este gran soño, senón que se consolidaba como unha das mellores probas galegas ademais de arrastrar consigo centos e centos de persoas que seguen incondicionalmente esta proba no noso municipio, e ser varios os pilotos e copilotos locais que participan directamente nesta competición.

Se por algo se caracteriza este Rally é polo seu bo facer, por ese traballo estrito de todas aquelas persoas que forman parte da directiva da Escudería Surco e das persoas que desinteresadamente colaboran con eles para poder levar a cabo un evento destas características dunha maneira tan profesional e admirable, por iso o meu mais sincero gracias, gracias por deixarnos a nos tamén ser partícipes deste día e desta gran proba.

Despídome, como xa é costume, desexándolle o mellor aos participantes e facendo un chamamento a todos os afeccionados no tema de seguridade, nunca vos esquezades que vides a desfrutar dunha gran competición e polo tanto, para poder desfrutar coas máximas garantías, tede sempre en conta as recomendacións dos organizadores.

Un saúdo.

## Arturo Grandal Vaqueiro

Alcalde do Concello de Salvaterra de Miño



Participantes e afeccionados/as ao deporte en xeral e ao automobilismo en particular congreganse a principios do mes de xullo na nosa terra para gozar da 15ª edición do Rallye Sur do Condado.

Como Alcalde do Concello de Salceda de Caselas quero agradecer á organización a deferencia de establecer un tramo que transcorra polo noso municipio, e tamén un parque de reagrupamento no corazón da Vila da Esfarrapada: a Praza do Concello.

É unha auténtica honra para os/as salcedenses formar parte desta prestixiosa carreira que reflicte grandes valores humanos como a bravura, a coraxe, o respecto ou a responsabilidade, méritos que transcenden desta disciplina á vida cotiá e fan que cada ano o automobilismo gañe máis adeptos/as.

Con motivo desta cita, quero aproveitar a ocasión para convidarvos a vós, participantes, organización e afeccionados/as, a gozar do gran patrimonio histórico e cultural de Salceda, dos seus recursos turísticos e paisaxísticos, así como da súa gastronomía e das súas xentes. É un pracer para nós recibirvos.

Por último, prégovos a todas as persoas asistentes que cumprades e respectedes tanto as normas de seguridade da proba como as da contorna.

O éxito deste rally pasa por garantir a seguridade de todos e todas.

## Marcos David Besada Pérez

Alcalde do Concello de Salceda de Caselas













Concello de Salvaterra de Miño
Concello de Mondariz
Concello de A Cañiza
Concello de Covelo
Concello de Salceda de Caselas
Concello de Ponteareas
Concello de Arbo
Concello As Neves
Xunta de Galicia Presidencia Secretaría Xeral para o Deporte
Deporte Galego
Deputación Pontevedra
Campionato Galego de Rallies 2018
6-7-8 XULLO 2018
Memorial Ismael Gregorio
XV Rallye Sur do Condado
Talleres Hnos. Lorenzo



Prezadas afeccionadas e afeccionados:

Teño a oportunidade de dirixirme a todos e todas vós grazas ao convite da organización desta nova edición do rally Surco do Condado que este ano cumpre xa quince anos.

Esta nova cita con motor tan agardada polos siareiros e siareiras deste deporte descubrirá, para moitos e moitas, pequenos e fermosos recunchos da nosa cidade.

Ao igual que nas anteriores edicións, Ponteareas está preparada para recibir aos seguidores do Rally Surco ofrecéndolle boa gastronomía e agardando que no seu paso por Ponteareas descubran paraxes que os fagan voltar.

Dende aquí pídolle que velen pola súa seguridade, que desfruten da proba, que sexan respetuosos co medio ambiente e que pasen unha boa fin de semana chea de deportividade e de divertimento.

Pomos a súa disposición a historia do noso patrimonio e a fermosura da nosa paisaxe.

Agradecemos á organización o seu esforzo e a súa iniciativa e desexámoslle moito éxito e unha xornada na que vexan cumpridas todas as súas expectativas.

Unha aperta.

## Xosé Represas Giráldez
Alcalde do Concello de Ponteareas

Concello de PONTEAREAS



Con ésta xa son XV as edicións que celebra o Rallye Sur do Condado. E por cuarto ano consecutivo, como Alcalde de A Cañiza, a organización bríndame a oportunidade de dar a benvida a tódolos participantes e afeccionados do automobilismo de competición a este gran evento deportivo que tamén percorre as terras de A Cañiza.

O Rallye Sur do Condado converteuse por mérito propio nunha proba recoñecida a nivel provincial e autonómico e unha competición atractiva para todos os pilotos participantes. Dende o Concello de A Cañiza apoiamos a súa celebración sendo conscentes de que este evento ten un importante impacto no sector hostaleiro e turístico. O Rally axúdanos a dar visibilidade aos moitos atractivos do noso municipio e contribúe a achegar ata nós a visitantes e amigos que todavía non coñecen os nosos recursos como é a excelente gastronomía co xamón como protagonista, o noso patrimonio histórico abanderado polo entorno natural e relixioso do Santuario da Virxe de A Franqueira e o noso potencial paisaxístico que acolle rutas e sendeiros únicos en Galicia. Por todo isto queremos agradecer aos homes e mulleres que forman parte da organización por contar con nós un ano máis. Agradecer tamén aos voluntarios, patrocinadores e colaboradores polo seu esforzo e dedicación por manter o gran nivel demostrado en todas as edicións.

Desde A Cañiza queremos dar a benvida e felicitación a todos os participantes do Rally así como aos afeccionados e espectadores e o noso aplauso e reconecemento a todos os que fixeron posible esta nova edición do Rallye Sur do Condado

Benvidos A Cañiza, a "Terra do bo xamón".

## Miguel A. Domínguez Alfonso
Alcalde do Concello de A Cañiza

Concello de A Cañiza

AlbaAuto
COMPRA Y VENTA DE VEHICULOS DE OCASIÓN
Puede visitar nuestras instalaciones
Carretera Valladares, 127
36315 Vigo
www.albaauto.es
661.228.761

Nucho Abalde
Giraldes Castro, S.L.
Agencia Exclusiva General - Inscripción Nº 038480
Delegado Comercial

Avda. Castrelos, 37, Bajo - 36210 Vigo (Pontevedra)
Teixugueiras, 18, Bajo - 36212 Vigo (Pontevedra)

Braña, 6 - 36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
Tel: 986 66 09 46 - Móvil y Whatsapp: 658 795 774
E-mail: nucho@giraldes.com

AXA reinventando / los seguros

MessDraw

Merca Froita
Telfs. - 686 781 211 - 628 082 451
mercafroita@hotmail.es - www.mercafroita.com
Rosalía de Castro, 90 - 36450 Salvaterra de Miño







Como alcalde do Concello de Arbo compráceme, dar a benvida á nosa localidade aos participantes desta XV edición do Rallye Sur do Condado, referencia do deporte do motor en Galicia, que cada ano atrae a máis afeccionados e que supón unha nova oportunidade para sumar á emoción da competición o espectáculo destas fermosas terras.

Unha vez mais, teño que felicitar á organización do evento polo brillante traballo realizado, que este ano, seguro foi máis duro, ao non poder contar coa inestimable axuda do noso moi querido veciño Ismael Gregorio, membro da Escudería Surco, afeccionado ata a médula deste gran deporte e arbense de pro. Dende estas liñas que me brindades, quero mostrar o meu agradecemento e recoñecemento ao seu labor e colaboración nesta e noutras tantas actividades nas que sempre participaba e nos contaxiaba da súa alegría e optimismo.

Como alcalde desta vila, quero tamén agradecer á Escudería Surco, a confianza depositada neste Concello, volvendo a outorgarnos a oportunidade de difundir por Galicia e o veciño Portugal a nosa paisaxe, a hospitalidade das nosas xentes, a atractiva oferta de deportes de aventura e a gastronomía singular que tan ben interpretan os nosos afamados hostaleiros, regada, sempre, polos marabillosos viños albariños e condados que as nosas adegas elaboran coas excepcionais uvas que os viticultores arbenses producen.

Un saúdo cordial para tódolos participantes e espectadores deste Rally, que espero desfruten, seguros e sen riscos, desta paixón que tantos compartimos.

## Horacio Gil Expóxito

Alcalde do Concello de Arbo

Concello de Arbo



Como alcalde de Mondariz, e en nome de todos e todas as veciñas, quero dende estas liñas, darlle a benvida a todos cantos "dan vida" ao Rallye Sur do Condado 2018, un evento deportivo que nestas terras vívese con especial intensidade ao levar, como bandeira, o nome da nosa comarca. Dámoslle polo tanto a máis cordial benvida a todos cantos dan forma a esta auténtica festa do mundo do motor: organizadores, equipos e, aos milleiros de afeccionados que, independentemente das condicións meteorolóxicas (e nas anteriores catorce edicións houbo de todo e para todos os gustos) danse cita para animar aos pilotos e facer que esta proba conte, cada ano que pasa, con maior relevo e soa dentro do panorama automovilístico galego. Aproveitamos a ocasión que nos brinda a organización para escribir estas liñas, para animar a afeccionados e afeccionadas a que, a maiores do espectáculo deportivo que se brinda, aproveiten para coñecer os mil e un recunchos marabillosos que o noso municipio ofrece, e que o Rallye Sur do Condado, axuda a dar a coñecer. Mondariz ofrece, a todos cantos se acercan, a xenerosidade e calor das súas xentes, numerosos lugares onde gozar da súa gastronomía e fermosísimos paraxes que son unha invitación a volver ao municipio para coñecelo con máis calma e acougo. Para que o Rallye Sur do Condado sexa o que todos esperamos, unha auténtica festa do deporte do motor, pregámoslles tamén dende estas liñas a todos os afeccionados e afeccionadas, que sigan escrupulosamente as indicacións que lles indiquen os responsables de seguridade da proba para gozar, deste espectáculo magnífico, de xeito seguro. A todos e todas, a nosa máis cordial benvida a Mondariz, e feliz Rally Sur do Condado 2018!

## Xoán Carlos Montes Bugarín

Alcalde do Concello de Mondariz

Concello de Mondariz












Concello de Salvaterra de Miño · Concello de Mondariz · Concello de A Cañiza · Concello de Covelo · Concello de Salceda de Caselas · Concello de Ponteareas · Concello de Arbo · Concello As Neves · Xunta de Galicia Presidencia Secretaría Xeral para o Deporte · Deporte Galego · Deputación Pontevedra

Campionato Galego de Rallies 2018 · 6-7-8 Xullo 2018 · Memorial Ismael Gregorio · XV Rallye Sur do Condado · Talleres Hnos. Lorenzo



En Covelo sempre acollemos con cariño e alegría a presenza no noso pobo do Rally SURCO, que ben seguro vai encher as nosas prazas e estradas de afeccionados ao deporte do motor e á velocidade.

Invítovos a que aproveitedes o paso por Covelo e as nosas parroquias para apreciar as paisaxes, desfrutar das praias de Maceira e Barcia de Mera, apreciar as fervenzas como a de Parrelos e degustar a gastronomía dos bares e restaurantes que ben seguro ofrecen o mellor para ese día.

Pois si, como o resto dos meus veciños, eu tamén comparto a ledicia de que volva o Rally e os miles de afeccionados que compartides as mesmas ilusións e acompañades ós vosos heroes, e que volva o estrondo dos motores e a fileira de coches de colores ós pobos do Condado e A Paradanta. E douvos as grazas, a tódolos membros da organización, á sangue nova da escudería SURCO, ó equipo de voluntarios, xuíces e pilotos, ós patrocinadores e a tódolos afeccionados que nos ides visitar neste día tan especial para todos nos.

En nome dos veciños deste humilde pobo douvos as grazas por contar con nos novamente e alégrome da vosa presenza ó tempo que vos invito a que volvades a Covelo, onde sempre seredes ben acollidos.

## Juan Pablo Castillo Amigo

Alcalde do Concello de Covelo

Concello de Covelo



A celebración dunha proba deportiva ven sempre precedida dun gran traballo prestado por persoas que persiguen o éxito, non só en termos de competición, senón, especialmente, a respecto da sociedade que a disfruta.

O Rally Sur do Condado, nesta XV edición, é boa proba desta suma de vontades, acumulando na Escuderia Surco emoción e intelixencia contrastadas.

Queremos apoiar dende As Neves ese caudal, esa potencia organizadora, e prestarnos para que continúe a medrar.

Dámoslle a benvida ao noso Concello nun espacio aberto para a verificación, e na saída dun tramo de competición.

Aceleramos.

## Xoxé Manuel Rodríguez Méndez

Alcalde do Concello de As Neves

Concello As Neves













No Condado, sempre con ilusión.




CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO
AGOSTO 2018
Verán Cultural
VERÁN CULTURAL 2018
2018
O MUNDO A DANZAR
SALVATERRA de MIÑO
Espectáculo en las murallas
30 Julio - 22h30
JOSE DE RICO · SARA SANTINI · THOMAS LIVING
DJ FRISCO Y MARCOS PEÓN · DJ CHARLIE · DJ DAVID
O SON DA MURALLA
SÁBADO 4 AGOSTO
VERÁN 2018
SALVATERRA DE MIÑO
11 DE AGOSTO 2018
2º IMOS DE Guateque
Ven a lembrar a música dos 60's, 70's e 80's
SALVATERRA DE MIÑO
RECINTO AMURALLADO
LIX
Festa do Viño do Condado do Tea
24, 25, 26 AGOSTO 2018
Salvaterra de Miño
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA
VIVE AGOSTO EN SALVATERRA

# Entrevistamos ó presidente da Escudería Surco, Manolo Carballo



Este ano o rally incorpora unha novidade a nivel treitos, nunca antes vista en Galicia. Trátase dun tramo en bucle. ¿En qué consiste este tipo de treito?

É un treito que é como se se tratara dun circuito; ten unha saída e despois de un 1km vólvese pasar por saída, e na 2ª volta, nun punto concreto, desvíanse hacía meta.

A saída daráse mediante unha paleta de 5” e a continuación un semáforo poráse en verde, é dicir, que non nos reximos pola tradicional pantalla de conta atrás.

¿En qué momento e por qué motivo se tomou ésta decisión de incluir un treito en bucle? ¿Existe algunha preocupación a nivel organizativo en canto a interpretación por parte dos pilotos deste tipo de treito, ou ben polo momento da saída?

En primer lugar, decidiuse por facer algo diferente ó resto; tódolos anos acostumamos a facer algo diferente ó resto do campionato.

A segunda resposta... Preocupación a nivel organizativo non, pero me preocupa a nivel de pilotos. Teño as miñas dúvidas de que fagan o treito sin equivocacións pero non é nada complicado de enteder.

En canto aos presupostos, sempre é complicado reunir a cantidade necesaria para levantar un evento destas características, e trala profunda crise vivida nos últimos anos no país ¿É este un mellor momento para pechar os presupostos con garantías, ou segue a haber grandes dificultades en canto a patrocinios se refire?

Reunir o presuposto sempre é complicado, sobre toda na zona na que nos atopamos. Pero teño que agradecer ós pequenos locais da zona polo grandísimo apoio que ano tras ano fan por axudarnos, e porsuposto ós concellos.



Falando un pouco sobre ti, ¿poderíasnos contar cando comezou a túa paixón polos rallies e de que xeito?

Pois comenzou de neno -jajajaja-
Meu pai sempre me levou a ver o Rías Baixas. Recordo o treito de Mondariz en subida e o de Riofrío, posto que vivía moi perto del.

A Escudería Surco comezou a organizar rallies en 2004, pero antes diso xa se fixeron algunhas probas de outras disciplinas, ¿Recordas aquela época? ¿Con qué recordos te quedaches daqueles eventos?

Comencei na Escudería Surco no ano 2002, que me liara daquela Cándido Carrera, nun slalom que se fixera.

Recordos si son sincero non teño moitos posto que só botara unha man no dia da proba.

De todos estes anos, a pesares da longa experiencia que tes, seguro que hai todavía algún detalle durante a organización do evento que cada ano che levanta dor de cabeza ou presenta moita incertidumbre ¿Podes identificar algún área neste sentido, e por qué se volve tan complicado controlala?

Dor de cabeza non diría, pero sí preocupación. A seguridade do público porque é un aspecto que non podo controlar ó 100%.

Actualmente hai varias mulleres involucradas na organización do rally, pero só unha pertence á directiva, ¿Cómo ves o papel da muller na organización de rallies? ¿Tes algunha idea de como axudar á incorporación da muller no mundo das carreiras?

Tiñamos que ter mais mulleres nos rallies. Polo que vexo moitos ven ás mulleres nos rallyes.

Idea realmente non porque a única que se me ocurre sería a de unha creación dunha copa exclusiva para mulleres ainda que tanto mulleres e homes poden correr en igualdade de condicións.

Finalmente, non queremos perder a ocasión de darte as grazas polas túas palabras, non sin antes pedirte que nos deixes unhas palabras para participantes e afeccionados que asistan a ésta XV edición. ¿Algunha aposta sobre o top 3?

Darche a ti as grazas por darme esta oportunidade e como xa dixen anteriormente, quero agradecer enormemente a tódolos sponsors que temos a sua colaboración e ó público que hai uns anos que se portan de 10.

A miña aposta téñoa clara:
Iago Caamaño
Albero Meira
Víctor Senra










| | | | |
|---|---|---|---|
| 06/07/18 | 16:30 a 17:30<br>17:31 a 18:30<br>18:31 a 19:30<br>19:31 a 20:30<br>20:31 a 21:30 | Verificacións Administrativas Voluntarias<br>Nº 01 a Nº38<br>Nº 39 a Nº76<br>Nº 77 a Nº115<br>Nº 116 a Nº150 | **Números Impares**<br>VAGALUME Café<br>R. Marques de Viana, 15<br>36450 Salvatierra de Miño<br>**Números Pares**<br>Flamingos Café<br>Rúa do Carme Nº4<br>36450 Salvatierra de Miño |
| | 17:00 a 18:00<br>18:01 a 19:00<br>19:01 a 20:00<br>20:01 a 21:00<br>21:01 a 22:00 | Verificacións Técnicas e instalación GPS Voluntarias<br>Nº 01 a Nº38<br>Nº 39 a Nº76<br>Nº 77 a Nº115<br>Nº 116 a Nº150 | Nave de Autobuses Raul<br>Polígono Industrial<br>Salvaterra de Miño |
| | 19:45 a 20:15 | Firmas de Autógrafos e Photocall | Parque da Canuda<br>Salvaterra de Miño |
| | 23:30 | Hora límite presentación de Vehículos no parque pechado | |
| 07/07/18 | 0:30 | Publicación lista de autorizados a toma-la saída | |
| | 07:30 | Saída 1º participante 1ª sección | Parque Pechado<br>Salvaterra de Miño |
| | | Chegada 1º participante 1ª sección | Parque Reagrupamento "Praza do Concello Salceda Caselas" |
| | | Saída 1º participante 2ª sección | |
| | | Chegada 1º participante 2ª sección | Parque Reagrupamento "A CAÑIZA" |
| | | Saída 1º participante 3ª sección | |
| | | Chegada 1º participante 3ª sección | Parque Reagrupamento "Praza do Concello Salceda Caselas" |
| | | Saída 1º participante 4ª sección | |
| | | Chegada 1º participante 4ª sección | Parque Pechado "Concello Salvaterra de Miño" |
| | | Verificacións final de Oficio | Talleres Mingos<br>Casal s/n Salvaterra de Miño |
| | 23:00 | Publicación de Resultados | Taboleiro Oficial de Avisos |
| 08/07/18 | 00:30 | Reparto de premios e Trofeos | Podio do Rallye<br>no Parque Pechado |

**NO CASO DE CHEGAR TARDE ÁS VERIFICACIÓNS, TANTO ADMINISTRATIVAS COMO TÉCNICAS, IMPORASE UNHA SANCION DE 30 € POR CADA HORA OU FRACCIÓN**










Concello de Salvaterra de Miño
Concello de Mondariz
Concello de A Cañiza
Concello de Covelo
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
Concello de Salceda de Caselas
Concello de PONTEAREAS
Concello de Arbo
Concello As Neves
DEPORTE GALEGO
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA


CAMPIONATO GALEGO DE RALLIES 2018
6-7-8
XULLO 2018
coeficiente 8
MEMORIAL
XV RALLYE SUR DO CONDADO
ISMAEL GREGORIO
Talleres Hnos. Lorenzo



CARNICERÍA
Carrera
CHARCUTERÍA
Rúa Galicia, 24 - SALVATERRA DE MIÑO


Agrícola
"A Sementeira"
PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
c/ Rúa Galicia, 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)


mesón-restaurante
Grandal
Especialidad carnes de caza
Tlf.: 986 65 94 16 | C/ Castelao, n°33 | Salvaterra de Miño


MIRADOR
CENTRO ÓPTICO
Y AUDITIVO
Medida de tensión ocular
Graduación de la vista
Revisiones auditivas
Adaptación de lentes de contacto
Estudio de fondo de ojo
Rúa Marqués de Viana, 10 36450 Salvaterra de Miño
T.: 986 66 40 23 optimirador@gmail.com


www.vagalume-salvaterra.info
CAFÉ-CONCERTO
vagalume
RUA MARQUÉS DE VIANA 15, SALVATERRA DE MINHO
estamos en /vagalume.cafeconcerto


Nua, Nú
SÓLO PARA TI, MUJER
>Ropa de calle y fiesta
>También para novia, madrina y ceremonia. (pedir cita previa)
>Tallas de la 38 a la 70!
Avda. Castelao, 15
36860 PONTEAREAS
Telf.: 986 65 09 27


pelayo
sobroso&vega
ASESORES
Fiscal
Laboral
Contable
Asesoría de seguros
Inmobiliaria
Administración de fincas
670 044 524
patricia@sobrosovega.es
Telf. 986 644 178 Fax 986 644 179
Plaza Bugallal, 2 bajo - 36860 Ponteareas
www.sobrosovega.es






# Entrevistamos a Lorena González Outerelo, vicepresidenta da Escudería.



**Un ano mais, a Escudería Surco sigue ca tradición, para moitos, unha fecha marcada no calendario con amarelo fosforito. ¿Despois de tantos anos, qué se sinte ó saber que hai participantes e afeccionados que esperan éste día con tanta ilusión?**

**É unha gran satisfacción ver que o noso traballo ten unha gran acollida, fai que un se sinta orgulloso e danos ánimos para seguir traballando ano tras ano.**

**Entre outras labores que desempeñas cada ano, a tarefa que quizáis mais tempo che ocupa durante os días previos, é a recepción e comprobación de inscripcións, e ca febre de rallies que hai últimamente, todo o mundo se quere inscribir o primeiro. ¿Cómo se vive esta "locura"? ¿Qué lles pedirías ós equipos que se inscriben, para axilizar o proceso? (Ésta é a túa oportunidade de tirarlles das orellas un pouco)**

**Procuro levalo con calma, son moitas horas pendente das inscripcións, ata altas horas da madrugada, pero cos anos un vaise afacendo...**

**Os equipos pediríalles un pouquiño de paciencia, porque non sempre podemos contestar a velocidade desexada.**

**Ademáis das inscripcións, o día do rally tes outra labor importante nun dos controis. ¿Podes contarlles ós nosos lectores en qué consiste o teu traballo ese día, e cales son algúns dos problemas típicos que se che soen presentar?**

**O meu traballo ese dia consiste en montar un control horario no que se comproba que pasen á hora marcada pola organización.**



**Por sorte é un traballo no que non acostumo a ter moitos problemas, o máis difícil de levar últimamente son as altas temperaturas.**

**No teu caso, comezaches a aventura de organizar o Sur do Condado anos máis adiante que outros compañeiros, ¿Lembras como foi a túa chegada á Escudería, e quen ou quenes foron os que te "liaron"?**

**Fai uns anos xa, estando de voluntaria noutro rally, presentáronme a unha persoa desta escudería e comecei a colaborar con ela. Anos máis tarde déronme a oportunidade de formar parte da xunta directiva, e aquí estamos, espero que dando guerra por moitos anos máis.**

**Neste momento, eres a única muller na directiva da Escudería Surco, e aínda que non a única que traballa para sacar o rally adiante, ¿Cómo cres que se debería actuar para que mais mulleres se involucrasen na organización, e tratar de acadar a igualdade? ¿Cres que existe algunha barreira ou algún elemento que fai que haxa menos mulleres no mundo do motor, con respecto a homes?**

**O máis difícil moitas veces é a conciliación familiar. Isto é algo no que invertimos moito tempo e ás veces é complicado atender a todo.**



**Pero pouco a pouco neste mundo cada vez hai máis mulleres, tanto na organización como na competición.**

**Eu vexo que no rally traballan tanto homes como mulleres e que reciben todos o mesmo trato.**

**¿Algunha vez sentiches curiosidade por saber qué significa subirse a un coche de carreiras? ¿Tiveches a ocasión de probar algún algunha vez, ou pensaches en facer algunha carreira para probar?**

**A min gústanme moito os rallies, pero dende fóra dos coches.**

**Dende pequena ía miralos e agora encántame traballar arredor deles.**

**Finalmente, moitas grazas polas túas palabras, pero non queremos despedir esta entrevista sin antes pedirte que nos deixes unhas palabras para participantes e afeccionados que asistan a ésta XV edición. ¿E algunha aposta sobre o top 3?**

**Pois moita sorte a todos os participantes e gracias por vir ó noso rally.**

**Ós afeccionados espero que disfruten da proba, pero sempre dende un lugar seguro e seguindo as indicacións dos comisarios.**

**Espero velos a todos no parque final !!**



Concello de Salvaterra de Miño
Concello de Mondariz
Concello de A Cañiza
Concello de Covelo
XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte
Concello de Salceda de Caselas
Concello de Ponteareas
Concello de Arbo
Concello As Neves
DEPORTE GALEGO
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

CAMPIONATO GALEGO DE RALLIES 2018
6-7-8 XULLO 2018
coeficiente 8
MEMORIAL ISMAEL GREGORIO
XV RALLYE SUR DO CONDADO
Talleres Hnos. Lorenzo
Leirado - Salvaterra de Miño

J.L.SL
NEUMATICOS
986 34 66 49
986 34 34 28
986 34 67 22
Fax 986 34 39 02
Baqueira - Atios PORRIÑO
Telf. 24h. 609 586 822




PANADERÍA A BROA
LEIRADO
Telf. 986 657 577
Puzo - San Mateo PONTEAREAS
(Forno)
Telf. 986 660 951
C/ Estrada, 15 PONTEAREAS
(Despacho)

FeYPA Salvaterra
Montaje y Reparación de Maquinaria Industrial
Telf/Fax: 986 66 40 72
Móvil: 629 811 886
Pol. Ind. Chan da Ponte, nave 13
36450 Salvaterra de Miño (Pontevedra)
E-mail: feypasalvaterra@gmail.com
www.feypasalvaterra.es
Especialistas en:
- MÁQUINAS DE CORTE
- GRANALLADORAS
- REPLASTIFICADO Y RECTIFICADO DE TODO TIPO DE RODILLOS
- TORNEADO DE RODILLOS IN SITU
- SOLDADURA EN HIERRO Y ALUMINIO
- REPARACIONES MECÁNICAS Y ELÉCTRICAS DE CUALQUIER MÁQUINA
Además:
- VENTA DE TODO TIPO DE GOMAS MÁQUINA HILO
- VENTA DE CUALQUIER REPUESTO
- MECANIZADO DE TODO TIPO
- FABRICACIÓN Y REPARACIÓN DE POLEAS
- FABRICACIÓN DE TUERCAS HUSILLO EN BRONCE
- FABRICACIÓN CABALLETES PARA PIEDRA





# TREITO A - Talleres OLIMAR

(Covelo - Mondariz) | Distancia 9'900 km

TC A1 > 8:02 h | TC A2 > 11:46 h




1. Dende a N-120 no Km. 631,10 dirección Ourense, collemos a esquerda en indicación COVELO 3,8. A 1 Km. collemos a esquerda hacia Valdomar 0,3/ Sta. Marina 2,5/ MONDARIZ. A 1,1 Km. encontramos o treito.

2. Dende a N-120 hacia Ourense, collemos cruce a esquerda no Km. 634,2 Km. en indicacións Meirol 1/ Queimadelos 2,5/ MONDARIZ 6. A 1,5 Km. collemos a dereita en indicación CABIRTALLO/ LOUGARES. A 2,8 Km. chegamos o treito.

3. Dende a N-120 no Km. 631,10 dirección Ourense, collemos a esquerda en indicación COVELO 3,8. A 500 m. collemos a esquerda en indicación PIÑOI/ AS MEDELAS a 900 m. collemos a esquerda en indicación LOUGARES/ MONDARIZ. Seguimos sempre pola estrada principal e a 2,80 Km. chegamos o treito.

4. Si collemos a estrada PO-254 Ponteareas – Mondariz o chegar o Km. 9,4 collemos no cruce a esquerda en indicación Moscoso 13. A 250 m. collemos a dereita en sinal Avda. Grupo Escolar/ Plaza de Merouces/ Zona de Aparcamiento. A 150 m. no Stop collemos a segunda pista a esquerda. A 250 m. deixamos uns arbores a esquerda e un banco de cemento a dereita e seguimos de frente a 700 m. collemos a dereita xusto antes da Ponte Romana por unha pista empedrada. A 400 m. chegamos a un cruce e collemos a esquerda, e a 50 m. temos duas opcións.

1ª collemos a dereita e a 300 m. estamos no treito.

2ª collemos a esquerda a 800 m. estamos no treito.

**Lembra que o día do rally hai máis afeccionados que se dirixen ós treitos, así que procura ir con tempo para evitar as présas e de paso non recibir multas.**

Restaurante Asador
Os pirús
Convenciones y Celebraciones
Especialidad en:
- Carnes a la brasa
- Lamprea
- Angulas
- Bacalao
Local Climatizado
Cerrado los Lunes por descanso
Preguntar Jose o Begoña
Cordenadas: N - 42º 06´ 33,84´´ W - 8º 18´ 16,47´´
Tel. 986 663 471 - Tel-Fax: 986 665 079
Ctra. Estación s/n. 36430 - ARBO (Pontevedra) ospirus@lampreadearbo.com

REPSOL
ESTACIÓN DE SERVICIO ARBO, S.L.
Telf. 986 665 196 Fax 986 665 919
ARBO (Pontevedra)

GOCER Electromecánica
Pedro Rodríguez Cerdeira
TFN:666 569 403
986 666 371
Besada, 12 Albeos
36429 Creciente
PONTEVEDRA
gocerelectromecanica@gmail.com

EROSKI city
Antonia Tovar, 26 - ARBO Pontevedra
Telf.: 986 663 408

Concello de Salvaterra de Miño · Concello de Mondariz · Concello de A Cañiza · Concello de Covelo · Concello de Salceda de Caselas · Concello de Ponteareas · Concello de Arbo · Concello As Neves · Xunta de Galicia Presidencia Secretaría Xeral para o Deporte · Deporte Galego · Deputación Pontevedra



















No Condado, sempre con ilusión.



Concello de PONTEAREAS

## TREITO B - Electricidad CONDADO

(Ponteareas) | Distancia 11'980 km

TC B1 > 8:43 h | TC B2 > 12:27 h

ELECTRICIDAD CONDADO S.L.




***Km. do treito 1º 2,81 e 2º 5,52***

1. Dende a PO-403 o chegar a Ponteareas na primeira rotonda collemos a dereita, na segunda rotonda collemos a segunda saída e na terceira rotonda collemos tamen a segunda saída, a 75 m. da rotonda xiramos á dereita dirección CELEIROS 4/ GUILLADE 8, a 4 km. temos duas opcións, si collemos á esquerda a 200 m. esta o treito e si seguimos pola mesma estrada a 2,3 km. chegamos o treito.

***Km. do treito 1º 6,63 e 2º 5,52***

2. Dende a A-52 collemos a saída 287 que indica BATALLANS/ AS NEVES ó chegar a PO-402 no cruce xiramos á esquerda dirección VILASOBROS/ MONDARIZ. A 4 km. vemos duas estradas á esquerda que nos levan o treito, si collemos a 1ª o treito esta a 1,3 km. e pola 2ª esta a 1,75 km.

***Km. do treito 9,97***

3. Dende a A-52 dirección Ourense, collemos a saída 287 que indica BATALLANS/ AS NEVES ó chegar a PO-402 seguimos á dereita. A 400m., en rotonda seguimos dirección LEIRADO/ SALVATERRA e a 700 m. collemos á dereita chegando o treito.

***Km. do treito 11,50***

4. Dende a PO-403 o chegar a Ponteareas na primeira rotonda collemos a dereita, na segunda rotonda collemos a segunda saída e na terceira rotonda collemos tamen a segunda saída, a 75 m. da rotonda xiramos á dereita dirección CELEIROS 4/ GUILLADE 8, a 1,7 m. collemos a dereita e a 50 m. (xusto despois de Casa Tito) collemos a esquerda e a 3,6 km. chegamos o treito.

Todos os anos insistimos. O monte é de todos e todas, pero debemos respetalo.
Por favor, non deixes residuos nos treitos, recolle latas, botellas e papeis antes de irte.












Concello de Salvaterra de Miño · Concello de Mondariz · Concello de A Cañiza · Concello de Covelo · Concello de Salceda de Caselas · Concello de Ponteareas · Concello de Arbo · Concello As Neves · Xunta de Galicia · Deporte Galego · Deputación Pontevedra

Campionato Galego de Rallyes 2018 · 6-7-8 Xullo 2018 · Memorial Ismael Gregorio · XV Rallye Sur do Condado · Talleres Hnos. Lorenzo





























Concello de ARBO · Concello de A Cañiza

# TREITO C - Transportes AUGUSTO

(Arbo - A Cañiza) | Distancia 12'000 km

TC C1 > 13:17 h | TC C2 > 16:59 h

GRAN VOLUME AUGUSTO LOGÍSTICA




***Km. do treito 1,58***

1. Dende a PO-400 dirección Arbo, a 800m. despois da gasolinera Repsol de Arbo en rotonda seguimos de frente, na seguinte rotonda collemos a terceira saída en indicación CRECENTE 9, A CAÑIZA/ RIBADAVIA/ OURENSE. A 350m. collemos á dereita para facer un cambio de sentido, e xa entramos na primeira entrada a dereita, ó pasar o Restaurante Vila encontramos ó treito a 500m.

***Km. do treito 3,35***

2. Dende a PO-400 dirección Arbo, a 800m. despois da gasolineira Repsol de Arbo en rotonda seguimos de fronte. Na seguinte rotonda collemos a terceira saída, a 1,1 km. collemos á esquerda en indicación CAÑIZA 13, a 650 m. volvemos a coller á esquerda a 1,5 km. encontramos o treito.

***Km. do treito 9,16***

3. Dende A-52 dirección Ourense collemos a saída 272 o chegar a EP-5005 collemos á dereita, na rotonda collemos á dereita, a 1,3 km. en rotonda collemos á esquerda en EP-5003 durante 8,6 km. (xusto o pasar o hito km. 10) desviámonos á dereita con indicación LUNEDA 4/ PARADA 6,5 a 1,5 km. chegamos o treito.

